CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explorar as pegadas do legado grego na contorna do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Unidades lingüísticas da lingua grega.
- Formas nominais do verbo.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavalía, a coavalía e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.
- Léxico.
- Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, sufíxos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
- Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Aproximación aos termos e expresións más usuais de uso frecuente do grego moderno.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense.
- Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller.
- Conceptos de legado, heranza e patrimonio.

## Contidos

- As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual.
- A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Relixión e pensamento grego.	23

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos ou fragmentos adaptados, analizando as unidades lingüísticas.	PE	70
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	Seleccionar o significado de palabras polisémicas, utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución.		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común o nova aparición, atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos.		
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándooos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade grega, comparándooos cos das sociedades actuais.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias más adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavalización, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistralos os progresos de aprendizaxe da lingua grega, utilizando autoavaliación e coavalización.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos lingüísticos cunha actitude de respecto da diversidade como riqueza cultural.		
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre aspectos do legado grego.		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre os diferentes aspectos do legado grego na sociedade.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar sobre a civilización grega no ámbito persoal, relixioso e político utilizando información de diferentes fontes.		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio histórico, arquelóxico e cultural herdado da civilización grega, interesándose por actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.		
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explorar as pegadas do legado grego na contorna do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer orazoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> </ul>

## Contidos

- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliamación, a coavaliamación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.
- Léxico.
  - Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
  - Lexemas, sufíxos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.
  - Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
  - Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
  - Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Aproximación aos termos e expresións más usuais de uso frecuente do grego moderno.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Historia.
  - Lendas e principais episodios históricos.
  - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller.
  - Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).
  - A importancia do discurso público para a vida política e social.
  - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.
  - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Creación literaria e arte grega.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras lingua coñecidas.	Realizar traducións directas de textos ou fragmentos adaptados, analizando as unidades lingüísticas.		
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	Seleccionar o significado de palabras polisémicas, utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar as traducións, realizando propostas de mellora.	PE	70
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común o nova aparición, atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos		
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Explicar o legado da civilización grega.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Analizar oralmente e/ou por escrito en grego, ou na lingua de uso do alumnado, as ideas de textos de certa lonxitude.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Participar en diálogos sinxelos sobre temas cotiáns, con empatía das persoas interlocutoras.	TI	30
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando errores que impidan a comprensión.	Redactar en grego textos básicos de estructura clara.		
CA2.3 - Identificar prejuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respeito e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prejuízos lingüísticos cunha actitude de respeito da diversidade como riqueza cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e a cultura grega como fonte de inspiración.	Crear textos a partir de obras ou fragmentos da cultura grega como fonte de inspiración.		
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre os aspectos do legado grego.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueológico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquellas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar o patrimonio histórico, arqueológico, artístico e cultural herdado da civilización grega.		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre os diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade.		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueológico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquellas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio histórico, arqueológico e cultural herdada da civilización grega, interesándose por aquellas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.		
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explorar as pegadas do legado grego na contorna do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descripción da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> </ul>

## Contidos

- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliacián, a coavalacián e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a producción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.
- Léxico.
- Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, sufíxos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
- Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Aproximación aos termos e expresións más usuais de uso frecuente do grego moderno.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Historia.
- Persoeiros da historia de Grecia e a súa relevancia para a historia de Europa.
- A importancia do discurso público para a vida política e social.

## Contidos

- Conceptos de legado, heranza e patrimonio.
- Obras públicas e urbanismo: construcción, conservación, preservación e restauración.
- As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.
- As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade.
- Principais obras artísticas da Antigüidade grega.
- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será activa e participativa, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que favoreza a adquisición das competencias clave.

- Expresión de ideas previas e dificultades de aprendizaxe antes de comenzar os temas.
- Exposición da profesora a través de diversos soportes.
- Lectura e reflexión individual do texto para aproximarse ó contido a tratar.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e nos traballos de aula para investigar e descubrir.
- Aplicación práctica dos conceptos aprendidos.
- Discusión e análise do contido en pequenos grupos ou en gran grupo.
- Traballo en grupos reducidos no desenvolvemento das actividades.
- Busca de información para completar actividades e ampliar coñecementos.
- Utilización da Internet para facilitar a comprensión e construcción de contidos e ideas.
- Posta en común despois do traballo individual.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
O libro de texto de grego. Editorial Anaya.
Caderno do alumnado.
Exercicios fotocopiables de reforzo e ampliación para tratamiento da diversidade.
Recursos dixitais de ampliar ou reforzar contidos estudiados en atención a diversidade.
Proxector. Encerado tradicional.
Aula virtual.
Dispositivos móbiles do alumnado.
Ordenadores con conexión a Internet.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso realizarase unha pequena avaliación inicial sobre os coñecementos básicos relacionados coa materia para valorar o punto de partida. O instrumento de avaliación empregado serán preguntas curtas, imaxes, textos, etc., de maneira oral (principalmente) para valorar o punto de partida (tanto positivo como negativo). O obxectivo é identificar en que criterios de avaliación existen dificultades no conxunto do grupo ou en determinados alumnos ou alumnas.

Se houbese consideracións a ter en conta para o desenvolvemento da programación didáctica, estas quedarán reflectidas no libro de actas do departamento de latín.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	<b>70</b>
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

A cualificación expresarase con valores numéricos enteros comprendidos entre 0 e 10. Serán positivas las cualificacións iguais ou superiores a 5. Aplicarase o redondeo en caso de equidistancia ao enteiro superior.

#### Avaliación parcial:

O sistema de cualificación será a media aritmética das unidades didácticas de cada avaliación.

- 1<sup>a</sup> avaliación: unidades 1 e 2.
- 2<sup>a</sup> avaliación: unidades 3 e 4.
- 3<sup>a</sup> avaliación: unidades: 5 e 6.

No caso de non superar a avaliación parcial correspondente aplicaranse os criterios de recuperación.

#### Avaliación final ordinaria:

A cualificación da avaliación final ordinaria será a media ponderada das tres avaliacións. 1<sup>a</sup> avaliación 30%, 2<sup>a</sup> avaliación 30% e 3<sup>a</sup> avaliación 40%.

#### Avaliación extraordinaria:

O alumnado que non supere a materia realizará unha proba escrita extraordinaria nas datas que se determinen no mes de xuño sobre todas as unidades didácticas do curso. A cualificación final da avaliación extraordinaria será a nota obtida na proba escrita extraordinaria.

Se houbese algúnsa modificación nos criterios de cualificación debido ao desenvolvemento da programación didáctica, estas quedarán reflectidas no libro de actas do departamento de latín.

### Criterios de recuperación:

Ao finalizar cada unidade didáctica informarase ao alumnado dos aspectos negativos da súa avaliación, indicándolle como os deberán superar.

O sistema de recuperación proposto dependerá do tipo de criterios de avaliación non superados.

- As probas escritas recuperaranse en avaliacións sucesivas, agás se ocorrese na 3<sup>a</sup> avaliación, neste caso a súa recuperación terá lugar antes da avaliación. A profesora poderá decidir a realización das probas escritas de recuperación na propia avaliación.
- Con respecto aos traballos realizados non superados, a profesora indicaralles a forma de recuperación dependendo

dos resultados da súa avaliación.

Se algúñ alumno ou alumna ten as probas escritas superadas pero non aproba a avaliación pola parte dos traballos, a profesora entregaralle traballo de recuperación para que poida recuperar a parte suspensa. Non se aceptarán traballos de recuperación despois da data indicada.

De todas formas, o resto de alumnado con probas escritas superadas, pode presentarse as probas escritas de recuperación de forma voluntaria se deseja subir a súa nota.

Durante o período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria preparará dita proba.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Neste curso 2023-2024, non hai a materia de grego en 2ºbacharelato, polo tanto non hai alumnos ou alumnas coa materia pendente.

### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

Neste curso 2023-2024, non hai a materia de grego en 2ºbacharelato, polo tanto este subapartado non é de aplicación este ano.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Centrándonos no feito de que a educación no bacharelato é postobrigatoria e que é primordial atender as necesidades educativas de todo alumnado, é necesario atender a un triple punto de vista: interese, capacidade e motivación do alumnado. Ten que haber na aula unha aplicación de estratexias que axuden a que os alumnos que necesiten un reforzo, non se sintan desprazados nin cohibidos. Este reforzo vén dado polo apoio de exercicios de escasa complicación, e nos que hai que traballar principalmente con aquilo que lles resulte máis difícil de reter. É sabido que a memoria visual acostuma ser máis potente e práctica polo que se traballará con mapas, encrucillados nos que terán que situar as linguas románicas os escritores gregos, latinos, por exemplo. Tamén exercicios de morfoloxía e sintaxe, textos de progresiva dificultade, lecturas orixinais e fragmentos escollidos. Ademais coas lecturas de fácil comprensión e esquemas organizados, farán un compendio de técnicas coas que ninguén poderá quedar fóra do traballo da aula.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.					X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O respeito mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A formación estética.	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas a cidades galegas con pegadas gregas.	Visita guiada a museos e cidades gallegas con pegada grega. Farase unha saída por trimestre.	X	X	X

### Observacións:

Cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.  
 Deixarase constancia da actividade realizada no libro de actas do departamento de latín.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Fago avaliación inicial ao principio de curso
Propoño plan de traballo para cada unidade
Planifico situacións introductorias previas ao tema
Metodoloxía empregada
Relaciono contidos e actividades cos coñecementos previos
Proporciono estratexias e ferramentas para que os alumnos descubran os contidos
Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos e, en función del adapto o proceso de ensino-aprendizaxe
Dou información dos progresos e das dificultades atopadas

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Obsérvanse as actividades dos alumnos
Proporciono ao alumnado as rúbricas de avaliación para que saibam como e de que se lles vai a avaliar
Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo
Lévase rexistro da observación sistemática
Medidas de atención á diversidade
Fanse entrevistas co alumnado
Fanse probas orais
Fanse probas escritas sobre pequenos bloques
Fanse probas escritas sobre grandes bloques
Clima de traballo na aula
Aproveito o interese dos alumnos por un tema determinado para utilizalo como centro de interese
Manteño o interese do alumnado
Cando a motivación decae propón actividades divertidas e curiosas
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Tense en conta a existencia de probas doutras materias para colocar a da propia
Son accesible ás familias
Outros
Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes

**Descripción:**

Os indicadores empregados para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente son os indicados nas táboas da memoria final de curso.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Indicadores empregados para o seguimento, avaliación e propostas de mellora:

- Resultados académicos.
- Adecuación dos contidos e unidades á temporalización da programación.
- Valoración do emprego dos materiais e recursos didácticos.
- Consecución dos obxectivos e criterios de avaliación.
- Valoración dos procedementos de avaliación.
- Propostas de mellora (recolleranse na memoria final).

Os apartados anteriores quedarán reflectidos de forma trimestral no libro de actas do departamento ao finalizar cada avaliação.

Todos os indicadores de logro para avaliar a programación didáctica quedarán reflectidos na memoria final segundo o modelo do centro.

## 9. Outros apartados